



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA:

EDUCACIÓN ARTÍSTICA PLÁSTICA

CURSO: 3º EP

ANO ACADÉMICO: **2020/2021**

ÍNDICE

| | |
|---|-------|
| CONTEXTO | p. 3 |
| ALUMNADO | p. 4 |
| OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO..... | p. 4 |
| SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN | p. 5 |
| METODOLOXÍA PRESENCIAL | p. 9 |
| METODOLOXÍA NON PRESENCIAL | p.10 |
| AVALIACIÓN | p.10 |
| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | p.12 |
| CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE | p. 16 |
| AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE | p. 17 |
| AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | p. 18 |
| ATENCIÓN Á DIVERSIDADE | p. 19 |
| ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES..... | p. 21 |
| CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO | P. 21 |

1. CONTEXTO

- CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiás.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- ALUMNADO

O nivel de terceiro de primaria está formado por un total de 47 discentes, coa incorporación de dúas alumnas novas.

Poboación inmigrante: NON

Alumnado con NEAE no curso actual: 6

Outras características: Os grupos foron mesturados no paso de segundo á terceiro de primaria.

- OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Segundo a adaptación feita no terceiro trimestre do curso anterior, o alumnado non ten ningún estándar imprescindible pendente de traballar e avaliar. Durante o mes de setembro do presente curso, realizouse todos os días repaso e reforzo dos contidos do curso anterior, especialmente das competencias lingüística e matemática, para poder comezar no mes de outubro co currículo propio de terceiro de primaria.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

2.21ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDOS (B1.1) | CONTIDO | Material de referencia | Temporalización | |
|------------------------|---|--|------------------------|-----------------|-------------------|
| | | | | Mes | Número de sesións |
| BLOQUE * | | | | | |
| UD. 1 | <p>B1.1. Establecemento de protocolos de actuación na observación das obras artísticas.</p> <p>B1.2. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas.</p> <p>B1.3. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas.</p> <p>B1.4. Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo.</p> <p>B1.5. Observación dos materiais empregados nas obras plásticas.</p> <p>B1.6. Exploración de calidades dos materiais (transparencia, rugosidade, lixeireza etc.) e tratamento convencional e sinxelo de texturas, formas e cores sobre diferentes soportes.</p> <p>B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.</p> <p>B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.</p> <p>B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</p> <p>B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.</p> | <p>Caderno de debuxo, material de debuxo do alumno, material elaborado polo profesorado, recursos multimedia</p> | Outubro/ novembro | 5 | |
| UD. 2 | <p>B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.</p> <p>B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.</p> <p>B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</p> <p>B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.</p> | | Novembro/ decembro | 5 | |

2.3 2ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDOS (B1.1) | CONTIDO | Material de referencia | Temporalización | |
|------------------------|---|--|---------------------------|-----------------|-------------------------|
| | | | | Mes | Número de sesións |
| | BLOQUE * | | | | |
| UD. 3 | <p>B1.1. Establecemento de protocolos de actuación na observación das obras artísticas.</p> <p>B1.2. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas.</p> <p>B1.5. Observación dos materiais empregados nas obras plásticas.</p> <p>B1.6. Exploración de calidades dos materiais (transparencia, rugosidade, lixeireza etc.) e tratamento convencional e sinxelo de texturas, formas e cores sobre diferentes soportes.</p> <p>B1.7. Descrición de profesionais relacionados/as coas artes plásticas e visuais.</p> <p>B1.8. Procura de información sobre as manifestacións culturais e artísticas do contexto.</p> <p>B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.</p> <p>B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.</p> <p>B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</p> <p>B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.</p> | <p>Caderno de debuxo, material de debuxo do alumno, material elaborado polo profesorado, recursos multimedia</p> | Xaneiro/ febreiro | 6 | |
| UD. 4 | <p>B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.</p> <p>B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.</p> <p>B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</p> <p>B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.</p> | <p>Caderno de debuxo, material de debuxo do alumno, material elaborado polo profesorado, recursos multimedia</p> | Febrero/ marzo | 6 | |

2.4 3ª AVALIACIÓN

| UD TEMA PROXECTO | CONTIDOS (B1.1) | CONTIDO | Material de referencia | Temporalización |
|------------------------|--------------------|---------|---------------------------|-----------------|
|------------------------|--------------------|---------|---------------------------|-----------------|

| | | | Mes | Número de sesións |
|-------|--|--|-------------------|-------------------|
| | BLOQUE * | | | |
| UD. 5 | <p>B1.1. Establecemento de protocolos de actuación na observación das obras artísticas.</p> <p>B1.2. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas.</p> <p>B1.7. Descrición de profesionais relacionados/as coas artes plásticas e visuais.</p> <p>B1.8. Procura de información sobre as manifestacións culturais e artísticas do contexto.</p> <p>B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.</p> <p>B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.</p> <p>B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</p> <p>B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.</p> <p>B2.6. Respecto polas normas e pola repartición de tarefas establecidas no grupo.</p> <p>B2.7. Respecto polas ideas e os traballos individuais.</p> <p>B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.</p> <p>B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.).</p> | <p>Caderno de debuxo, material de debuxo do alumno, material elaborado polo profesorado, recursos multimedia</p> | <p>Abril/maio</p> | <p>6</p> |
| UD. 6 | <p>B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.</p> <p>B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.</p> <p>B2.3. Construción de estruturas con volume.</p> <p>B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</p> <p>B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.</p> <p>B2.6. Respecto polas normas e pola repartición de tarefas establecidas no grupo.</p> <p>B2.7. Respecto polas ideas e os traballos individuais.</p> <p>B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.</p> <p>B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.).</p> | <p>Caderno de debuxo, material de debuxo do alumno, material elaborado polo profesorado, recursos multimedia</p> | <p>Maio/xuño</p> | <p>5</p> |

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- Aspectos xerais:

Metodoloxía activa e participativa, partindo das ideas previas do alumnado sobre os contidos tratados e deixando espazo e potenciando a parte creativa do alumnado. Nesta área cobra especial importancia o desempeño do alumno nas súas propias realizacións artísticas e a autovaloración sobre as mesmas.

No transcurso das sesións o alumnado ten un papel moi activo nas súas aprendizaxes, o profesorado actúa como guía desta aprendizaxe e presenta modelos artísticos para inspirar aos discentes.

- Estratexias metodolóxicas

Nesta área os alumnos iníciáanse no coñecemento e aprecio do feito cultural en xeral, polo que terán que formarse en habilidades e actitudes que permitan acceder a manifestacións artísticas que lles leven a poder desenvolver a súa capacidade crítica.

O traballo en grupo e individual será unha forma de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades. Os contidos da área de Plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

- Exemplo de secuenciación de traballo na aula
 - ✓ Presentación da unidade
 - ✓ Percorrido virtual por diferentes obras para presentar conceptos e que o alumnado exprese ideas e sentimentos que lles suxiren as obras.
 - ✓ Revisión de vocabulario
 - ✓ Proposta de traballo no caderno de debuxo según modelo e normas de presentación
- Outras decisións metodolóxicas: as que xurdan durante o curso segundo os intereses do alumnado.

- Agrupamentos: namentres permaneza a situación de pandemia, disposición individual na aula á máxima distancia que permite as súas dimensións.
- Tempos: a duración de cada unidade estenderase aproximadamente arredor de cinco ou seis semanas.
- Espazos: : aula, espazos comúns do centro.

4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino: aula virtual
- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia: Webex
- Plataforma/medio de comunicación coas familias: Abalar Móbil
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade: planificación semanal de tarefas seguindo o horario de sesión diarias e entrega/corrección de tarefas a través da aula virtual; conexión por videoconferencia se é posible.
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade: comunicación do plan de traballo e entrega de tarefas a través de Abalar Móbil e o correo electrónico da familia.

5. AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: dadas as características especiais do fin de curso anterior, no mes de setembro adicouse o tempo a reforzar a competencia lingüística e matemática. Non se realizou avaliación inicial da materia de Valores.

Tipo de proba (descripción): -----

Mecanismo para informar ás familias: -----

Consecuencias dos resultados das probas: -----

- AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Avaliación do traballo do alumnado ao finalizar cada unidade.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

Calificación dos diferentes traballos nun rango de nota ata dez.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

Escala de observación para a participación, coidado do material e interese por realizar os traballos.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Media das calificacións obtidas nos diferentes traballos ao longo de cada trimestre.

• CRITERIOS DE AVALIACIÓN

| ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DE ÁREA) | TEMPORALIZACIÓN | | | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN | Peso (porcentaxe) | COMPETENCIAS CLAVE |
|--|-----------------|----|----|---------------------------|--|-------------------|---|
| | 1ª | 2ª | 3ª | | | | |
| BLOQUE 1: EDUCACIÓN AUDIOVISUAL 40% | | | | | | | |
| EPB1.1.1 Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita. | 1º, 2º, 3º | | | Escala de observación | Describir as características dos elementos presentes no contexto seguindo unhas pautas dadas: cor, tamaño, forma ... | 2% | <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA |
| EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico. | 2º | | | Traballo de investigación | Expresa os sentimentos que lle produce unha obra de arte. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC |
| EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica. | 2º | | | Escala de observación | Utiliza os termos propios da linguaxe plástica: cores frías, cores cálidas, os xestos, figuras planas, composición, baixorrelevo ... | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC |
| EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas. | 1º | | | Traballo de investigación | Interpreta o contido das imaxes nun contexto social. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCEC |
| EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais. | 1º | | | Traballo de investigación | Identifica as posicións dos elementos plásticos no espazo. | 2% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL |

| | | | | | |
|--|----|---------------------------|---|----|--|
| EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións. | 1º | Traballo de investigación | Recoñece texturas e formas | 2% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL |
| EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza. | 2º | Traballo de investigación | Recoñece texturas e formas | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL |
| EPB1.3.3. Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas. | 2º | Traballo de investigación | Recoñece texturas, formas, liñas e cores nas propias creacións. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCL |
| EPB1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas. | 2º | Traballo de investigación | Identifica profesións relacionadas coas artes plásticas. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CCL |
| EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra. | 3º | Traballo de investigación | Fai investigacións sinxelas sobre diferentes artistas. | 2% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CAA |
| EPB1.4.3. Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información. | 3º | Traballo de investigación | Identifica autores recoñecidos coas súas obras máis representativas empregando as tecnoloxías da información. | 1% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CD |
| EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas. | 3º | Traballo de investigación | Relaciona algunhas obras co autor correspondente. | 1% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC • CCL |
| BLOQUE 2: EXPRESIÓN ARTÍSTICA 60% | | | | | |

| | | | | | |
|---|------------|-----------------------------|---|----|---|
| EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. | 1º, 2º, 3º | Caderno de debuxo do alumno | Usa as cores para crear un produto artístico final. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |
| EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras. | 1º, 2º, 3º | Caderno de debuxo do alumno | Combina materiais diferentes para crear un produto artístico final. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |
| EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas. | 1º, 2º, 3º | Caderno de debuxo do alumno | Experimenta con diversos materiais nas súas producións plásticas. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |
| EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas. | 2º | Caderno de debuxo do alumno | Esfórzase en recortar de maneira axeitada e é curioso pegando. | 4% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |
| EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía. | 1º | Caderno de debuxo do alumno | Esfórzase en seguir as liñas dunha figura. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |
| EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado. | 2º | Caderno de debuxo do alumno | Esfórzase e aplicar as técnicas de picado, encartado e pegado | 3% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |
| EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada. | 1º | Caderno de debuxo do alumno | Representa modelos sinxelos sobre unha cuadrícula. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |
| EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas. | 3º | Caderno de debuxo do alumno | Esfórzase en facer collages sinxelos con orde e limpeza. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |

| | | | | | |
|---|------------|-----------------------------|---|----|--|
| EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría. | 1º | Caderno de debuxo do alumno | Reproduce figuras sinxelas con relación a un eixe de simetría. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT |
| EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado. | 3º | Caderno de debuxo do alumno | Esfórzase en crear figuras tridimensionais. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CAA |
| EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas. | 1º | Caderno de debuxo do alumno | Intenta reproducir a figura humana de xeito proporcionado empregando unha cuadrícula. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CMCCT |
| EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo. | 1º, 2º, 3º | Escala de observación | Coida adecuadamente o material de traballo. | 5% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC |
| EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas. | 3º | Escala de observación | Mostra respecto polos iguais e sabe traballar en grupo. | 1% | <ul style="list-style-type: none"> • CSC • CCEC • CAA |
| EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico. | 3º | Traballo de investigación | Emprega de xeito guiado as tecnoloxías para obter información. | 1% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CD |
| EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas. | 3º | Traballo de investigación | Emprega de xeito guiado as tecnoloxías para obter información para as súas creacións. | 1% | <ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CD |

6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

| | |
|-------|--|
| CCEC | <ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotiá. • Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. |
| CCL | <ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos... • Gozar coa lectura. • Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información. • Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situacións comunicativas. • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. |
| CAA | <ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. • Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. • Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. • Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. |
| CD | <ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. • Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías |
| CSIEE | <ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. • Ser constante no traballo superando as dificultades. • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais. • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. |

| | |
|-------|---|
| CMCCT | <ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co medio natural de xeito respectuoso. • Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. • Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura. • Xerar criterios persoais sobre a visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste. • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás. • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática. Comunicació |
| CSC | <ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola. Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. • Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. • Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións cun fin social. |

LEENDA COMPETENCIAS:

| | |
|-------|--|
| CCL | Comunicación lingüística. |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. |
| CAA | Competencia aprender a aprender. |
| CD | Competencia dixital. |
| CSC | Competencias sociais e cívicas. |
| CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| CCEC | Conciencia e expresións culturais. |

7. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

• INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

| | Escala | | | |
|--|--------|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

• **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE**

| | Escala | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... | | | | |

8. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- **Periodicidade coa que se revisará: ao finalizar cada trimestre.**
- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista: -----**
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión: reforzo da materia.**

Indicadores:

| | Escala | | | |
|--|--------|---|---|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | |

| | | | | |
|---|--|--|--|--|
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | |
| 6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación. | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula. | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use). | | | | |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. | | | | |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares. | | | | |
| 16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación. | | | | |
| 22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | |
| 23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | |
| 24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | |
| 27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción. | | | | |
| 28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |
| 29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |

9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

• MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

| Medidas ordinarias | |
|---|--|
| Organizativas | Curriculares |
| <ul style="list-style-type: none"> • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <p>Realizaranse as adaptacións necesarias segundo as indicacións recollidas nos Protocolos para a atención ao alumnado con necesidades específicas.</p> <p>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.</p> <p>b) Espazos diferenciados.</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Desdoblamento de grupos. NON | <ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. <p>SUXEITO Á EVOLUCIÓN DA PANDEMIA.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. <p>NON</p> |

| | |
|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula. NON | <ul style="list-style-type: none"> • Programa específico para alumnado repetidor da materia. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia. <p>NON</p> |
|--|--|

| Medidas extraordinarias | |
|---|--|
| Organizativas | Curriculares |
| <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. <p>NON</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións curriculares na materia. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alumnado con flexibilización na escolarización. <p>NON</p> <ul style="list-style-type: none"> • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc. <p>NON</p> |

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Consultar a PXA para este curso.

11. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

○ **CRITERIO NUMÉRICO:**

Con 1 materia non superada: Promociona

A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.

○ **CRITERIOS PEDAGÓXICOS:**

1-Nada de acordo

2- Pouco

3-Bastante

4- Moi de acordo

| <u>CRITERIO</u> | Non promociona | | Promociona | |
|--|----------------|---|----------------|---|
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 1. Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?* | | | | |
| 1. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?* | | | | |
| 2. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n | | | | |
| 3. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática? | | | | |
| | Promociona | | Non promociona | |
| | 4 | 3 | 2 | 1 |
| 4. Inciden causa emocionais no seu baixo rendimento? | | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| 5. Está integrado no seu grupo? | | | | |
| 6. Os estándares que non supera están no seguinte nivel? | | | | |

*

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

Artigo 6. Promoción de curso e de etapa

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo co establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, ós pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio

4. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.